

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL
E MARIÑO**

5926 *Real decreto 560/2009, do 8 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, estableceu a normativa de aplicación para España dos regulamentos comunitarios que regulan estas axudas. Entre eles destaca o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política común, se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e se modifican determinados regulamentos comunitarios.

Recentemente, o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, foi derogado polo Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común, se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003. No entanto, o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, débese aplicar durante o 2009 aos réximes de axuda que só se integrarán no réxime de pagamento único a partir de 2010.

Este novo regulamento materializa as modificacións aprobadas no marco da última reforma denominada coloquialmente «a revisión médica da política agrícola común». Basicamente axusta determinados elementos das axudas directas e avanza cara a unha simplificación do réxime de pagamento único. Algunhas das disposicións deste regulamento entran en vigor desde o principio do ano 2009 e outras a partir do 2010. As primeiras supoñen medidas establecidas de modo fixo no regulamento e son o obxecto deste real decreto, que modifica con urxencia o Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro.

Dentro das segundas disposicións, as que entrarán en vigor desde o 2010, hai algunhas que tamén son fixas e outras supoñen unha marxe de flexibilidade para que cada país, dentro da Unión Europea, realice as súas oportunas eleccións. Todo iso, unha vez que se tomen as correspondentes decisións en España e dado que significarán un cambio en maior profundidade, serán obxecto doutro futuro real decreto que derrogará definitivamente o Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, que, por conseguinte, segue, non obstante, vixente, coas modificacións introducidas por este real decreto, para os efectos de facilitar a aplicación en 2009 das normas que o Regulamento (CE) n.º 73/2009 declara aplicables xa este ano.

Polo tanto, dentro das modificacións que recolle este real decreto destaca a supresión da obriga de retirada de terras a partir do 1 de xaneiro de 2009, polo cal os dereitos de retirada establecidos anteriormente se poden xustificar nas hectáreas suxeitas ás mesmas condicións de admisibilidade que calquera outro dereito. Por este motivo modificouse o concepto de hectárea admisible, incluíndose determinadas zonas forestais e as zonas suxeitas a determinados compromisos ambientais. Ademais, os agricultores poderán utilizar as hectáreas admisibles para xustificar os dereitos de retirada nas mesmas condicións que os dereitos de axuda normais, polo que elimina as disposicións relativas á utilización dos dereitos de retirada.

Tamén destaca como novidade o incremento na modulación aos pagamentos directos e o feito de que a modulación se aplicará só sobre o importe por enriba dos 5.000 euros que se lle concedan a un agricultor. Debido a esta simplificación e a diferenza de anos

anteriores, non se realizará unha redución para logo llela reembolsar aos mesmos titulares, polo que se eliminou o pagamento do importe adicional de axuda.

Outra modificación é que o período fixado para reintegrar á reserva nacional os dereitos de pagamento non utilizados se reduciu de tres anos a dous anos, aplicándose a todos os tipos de dereitos de pagamento. Ademais, os dereitos de retirada de terras e os dereitos procedentes da reserva nacional equipáranse na utilización e cesión aos dereitos de axuda normais.

Outro tipo de modificacións, que se recollen neste real decreto, son debidas a outras normas relacionadas coas axudas á agricultura, como que por exemplo se cambian os requisitos para optar aos pagamentos por superficie do cánabo destinado á produción de fibra exixindo a utilización de variedades que estean inscritas no Catálogo común das variedades das especies de plantas agrícolas, en cumprimento do Regulamento (CE) n.º 1124/2008 da Comisión, do 12 de novembro de 2008, que modifica os regulamentos (CE) n.º 795/2004, (CE) n.º 796/2004 e (CE) n.º 1973/2004, no que respecta ás variedades de cánabo que poden recibir pagamentos directos de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello.

Por último, introdúcense modificacións froito da experiencia obtida na aplicación do sistema de pagamentos directos. Un é a eliminación do requisito de ter subscrito un contrato tipo de subministración de leite de vaca homologado para a percepción dos pagamentos do artigo 69 no sector lácteo, xa que o escaso tempo transcorrido desde a homologación do contrato foi insuficiente para a difusión axeitada entre o sector produtor da existencia e do valor do dito contrato. Outros son os cambios nos artigos relativos ao algodón co fin de lles facilitar ás comunidades autónomas a xestión das axudas neste sector. Igualmente, no sector do azucre, especificase a data en que as industrias deben enviar as entregas, a petición da solicitude única que os agricultores deben realizar para percibir o pagamento da axuda e o período do pagamento desta.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de abril de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, modifícase nos seguintes termos:

Un. A letra a) do artigo 1.1 queda redactada como segue:

«a) Pagamento único para os titulares de dereitos concedidos en virtude do artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, n.º 247/2006, n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, que engloba as axudas desadaptadas recollidas no anexo I deste real decreto».

Dous. Suprímese o número 2 do artigo 1.

Tres. O número 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. Os pagamentos directos non poderán superar o límite establecido, se é o caso, para cada liña de axuda, nin o límite global establecido no anexo IV do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello».

Catro. Os números 1 e 2 do artigo 6 quedan redactados como segue:

«1. A todo agricultor ao cal se lle deba conceder, na campaña 2009, un montante total de pagamentos directos cuxo importe sexa superior a 5.000 €, e soamente sobre o importe por riba dos ditos 5.000 €, aplicaráselle unha redución dun 7%.

2. A porcentaxe de redución prevista no número 1 incrementarase en catro puntos porcentuais para os montantes dos pagamentos directos que excedan os 300.000 euros e non será de aplicación este incremento para os primeiros 300.000 euros».

Cinco. Suprímese o número 3 do artigo 6.

Seis. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Reserva nacional.*

Á reserva nacional, constituída con base no artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, incorporaranse en diante os importes establecidos no citado regulamento e, en particular:

a) Os importes dos dereitos non utilizados segundo o disposto no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, salvo nos casos de forza maior e circunstancias excepcionais establecidos no artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello.

b) Todos os importes retidos por aplicación das porcentaxes deducidas como consecuencia das vendas e cesións a que se refire o artigo 43.3 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, realizadas de acordo co establecido neste real decreto».

Sete. A letra b) do artigo 9.2 queda redactada como segue:

«b) Os novos agricultores que realizen a súa primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural establecido con base no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e que iniciasen a súa actividade nalgún dos sectores que xa estean incorporados no réxime do pagamento único».

Oito. A letra c) do artigo 9.2 queda redactada como segue:

«c) Os novos agricultores que, despois de recibir dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional na asignación inmediatamente anterior, presentasen con posterioridade á dita solicitude solicitudes de axuda de conformidade co establecido no artigo 109.3 do Real decreto 1612/2008».

Nove. A letra d) do artigo 9.2 queda redactada como segue:

«d) Os agricultores cuxas explotacións se encontren situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública, tal como transformacións en regadío, concentracións parcelarias e beneficiarios de dereitos de reserva nacional de programas gandeiros, co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores nesas zonas, conforme o previsto no artigo 41.3 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello. Non obstante, a asignación prevista nesta alínea só terá lugar se, unha vez atendidos os casos previstos de sentenzas e novos agricultores, existe remanente na reserva».

Dez. Suprímese o número 6 do artigo 10.

Once. O número 3 do artigo 11 queda redactado como segue:

«3. Para os efectos de utilización dos dereitos de axuda, considerarase que se utilizaron en primeiro lugar os dereitos de axuda normais de maior importe. Entre os

dereitos de axuda de idéntico valor considerárase a súa utilización segundo a orde de numeración que posúan».

Doce. Suprímese o número 4 do artigo 11.

Trece. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Dereitos de axuda non utilizados.*

Todo dereito de axuda do cal non se fixese uso durante un período de dous anos, incorporárase á reserva nacional, salvo en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais. Porén, durante 2009, os dereitos de pagamento non utilizados durante o bienio 2007-2008 non se engadirán á reserva nacional se foron utilizados en 2006, e durante 2010 os dereitos de pagamento non utilizados durante o bienio 2008-2009 non se engadirán á reserva nacional se foron utilizados en 2007».

Catorce. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Hectáreas admisibles.*

1. Consideraranse hectáreas admisibles, para os efectos da xustificación dos dereitos de axuda normais, as superficies agrarias da explotación incluídas as superficies plantadas con plantas forestais de rotación curta (código NC ex 0602 90 41), salvo as ocupadas por bosques ou as utilizadas predominantemente para actividades non agrarias, agás no caso das superficies dedicadas á produción de froitas e hortalizas, nas cales unicamente se considerarán admisibles as superficies con tomates para transformación, superficies con melocotoeiros de carne amarela aptos para transformación, superficies con pereiras das variedades Williams e Rocha, superficies con ameixeiras da variedade de Ente, superficies con figueiras e superficies de viña para vinificación e para produción de uvas da variedade Moscatel.

2. Tamén se considerarán hectáreas admisibles as superficies utilizadas para xustificar dereitos de pagamento único no ano 2008 e que:

a) Deixasen de cumprir a definición de «admisibile» como consecuencia da aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, ou

b) Durante o transcurso do correspondente compromiso de cada agricultor, sexan forestadas de conformidade co artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), ou o artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, ou conforme un réxime nacional cuxas condicións se axusten ao disposto no artigo 43, números 1, 2 e 3 do devandito Regulamento e

c) Durante o transcurso do correspondente compromiso de cada agricultor, sexa unha superficie que se retirase da produción conforme os artigos 22 ao 24 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 ou o artigo 39 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005.

3. Excepto en caso de forza maior ou en circunstancias excepcionais, as hectáreas cumprirán os criterios de admisibilidade en todo momento ao longo do ano natural en que se presenta a solicitude».

Quince. O 2.º parágrafo do artigo 15 queda redactado como segue:

«Por outra parte, pódense realizar cultivos secundarios, establecidos no artigo 1, número 1, letras i) e j) do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de

outubro de 2007, polo que se crea unha organización de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, con excepción das patacas distintas das utilizadas para a fabricación de fécula, durante un período máximo de tres meses a partir da data establecida para tal efecto no anexo I do Regulamento (CE) n.º 795/2004».

Dezaseis. Suprímense os artigos 18, 19 e 20.

Dezasete. O artigo 21 queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Cesión de dereitos de axuda.*

1. Os dereitos de axuda poderán ser obxecto de cesión entre agricultores establecidos en todo o territorio nacional, a excepción da Comunidade Autónoma de Canarias, ben en venda, arrendamento ou ben mediante calquera outra forma admitida en dereito.

2. A venda dos dereitos de axuda pódese realizar con ou sen terras. Nos casos de arrendamento de dereitos irá xunto coa cesión dun número equivalente de hectáreas admisibles polo mesmo período de tempo.

3. Poderanse ceder voluntariamente á reserva nacional todos os dereitos de axuda que non se vaian utilizar.

4. No caso de cesións de fraccións de dereitos, con ou sen terras, realizarase o cálculo e asignación do valor do dereito de acordo cos criterios proporcionais do artigo 3.3 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

5. No caso de cesión dos dereitos especiais, a exención da obriga de establecer un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda establecida no número 2 do artigo 11, só se manterá de se cederen todos os dereitos de axuda obxecto da excepción, considerándoa neste caso unha cesión de dereitos de axuda con terras.

6. No caso de que a cesión de dereitos especiais sexa parcial, os dereitos cedidos pasarán a normais e non se poderá solicitar o restablecemento das condicións especiais para eles».

Dezaioito. O número 2 do artigo 23 queda redactado como segue:

«2. O cedente comunicarlle a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente ante a cal presentase a súa última solicitude única, entregando xunto coa dita comunicación os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para acreditala. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará seis semanas antes da finalización do prazo de presentación da solicitude única do seguinte ano.

Entenderase que a cesión foi aceptada se ás seis semanas desde a comunicación a autoridade competente non notificou motivadamente a súa oposición. Unicamente se poderá opor á cesión cando esta non se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, e do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril».

Dezanove. O número 1 do artigo 24 queda redactado como segue:

«1. En cumprimento do disposto no artigo 18 e disposicións concordantes do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, e no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, establécese, no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un sistema de identificación de dereitos de axuda de ámbito nacional que contará cun rexistro electrónico en que se incluírán, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Titular ou titulares do dereito con indicación dos seus CIF ou NIF.
- b) O valor dos dereitos.
- c) A data de constitución de cada dereito.
- d) A data da última utilización dos dereitos.

- e) A orixe do dereito, segundo se relaciona no anexo II.
- f) O tipo de dereito, segundo se relaciona no anexo II.
- g) Nos dereitos especiais, o número de UGM do período de referencia.
- h) Ano de asignación do dereito.
- i) Indicación de se o dereito está temporalmente arrendado a outro titular».

Vinte. A letra b) do artigo 33 queda redactada como segue:

«b) No caso do cânabo, á utilización de semente certificada que figura no Catálogo común das variedades das especies de plantas agrícolas no 15 de marzo do ano respecto ao cal se concede o pagamento e publicadas de conformidade co artigo 17 da Directiva 2002/53/CE, con excepción das variedades Finola e Tiborszallasi».

Vinte e un. O número 3 do artigo 35 queda redactado como segue:

«3. As terras retiradas no marco deste artigo deben cumprir as condicións seguintes:

a) O barbeito realizarase mediante os sistemas tradicionais de cultivo, de mínima labra ou mantendo unha cuberta vexetal adecuada, tanto espontánea coma cultivada, para minimizar os riscos de erosión, de aparición de incendios, malas herbas, pragas e enfermidades, conservar o perfil salino do solo, a súa capacidade produtiva e favorecer o incremento da biodiversidade.

b) As aplicacións de herbicidas autorizados serán efectuadas con aqueles que non teñan efecto residual e sexan de baixa perigosidade.

c) No caso de manter unha cuberta vexetal, esta non poderá ser utilizada para a produción de sementes nin aproveitada baixo ningún concepto con fins «agrarios» antes do 31 de agosto ou antes do 15 de xaneiro seguinte no caso de produción de cultivos destinados a ser comercializados, agás naquelas zonas previstas no número 3 do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril».

Vinte e dous. Engádeselle un número 5 ao artigo 35 coa seguinte redacción:

«5. Nos casos recollidos no número 5 do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, do 21 de abril, a comunidade autónoma poderá autorizar a todos os produtores afectados para utilizar as terras que declarasen retiradas da produción para fins de alimentación animal de aproveitamento non lucrativo. A comunidade autónoma deberá notificar cada autorización debidamente xustificada ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para que este, pola súa vez, lla notifique á Comisión Europea».

Vinte e tres. O primeiro parágrafo do artigo 47 queda redactado como segue:

«Concederáselles unha axuda específica por hectárea admisible aos produtores de algodón, de acordo co establecido no artigo 88 e seguintes do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Vinte e catro. O número 3 do artigo 48 queda redactado como segue:

«3. As comunidades autónomas poderán establecer os rendementos mínimos de cultivo como factor indicativo no marco do cumprimento do artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Vinte e cinco. O primeiro parágrafo do artigo 60 queda redactado como segue:

«Durante a campaña 2009, concederase a axuda transitoria por superficie prevista no artigo 96 e seguintes do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, para os agricultores produtores de cítricos con destino á transformación sempre que cumpran as condicións establecidas nas normativas comunitarias e nacionais».

Vinte e seis. O artigo 68 queda redactado como segue:

«Artigo 68. *Obxecto.*

Durante os anos 2009 e 2010, concederáse a axuda transitoria por superficie prevista no artigo 96 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, para os agricultores produtores de tomates con destino á transformación sempre que cumpran as condicións establecidas nas normativas comunitarias e nacionais».

Vinte e sete. O número 1 do artigo 74 queda redactado como segue:

«1. Os transformadores que están autorizados para a súa participación no réxime de axudas con base no Regulamento (CE) n.º 2201/96 do Consello, do 28 de outubro, que viñeron actuando como tal nalgunha das tres campañas previas á campaña 2008-2009, consideraranse autorizados, igual que aqueles transformadores que fosen autorizados durante a dita campaña».

Vinte e oito. O segundo parágrafo do artigo 76.2 queda redactado como segue:

«Antes do 15 de agosto do ano seguinte á solicitude única, as industrias azucreiras que transformen remolacha ou cana de azucre mediante contrato para producir azucre de cota enviarán aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se sitúe a fábrica azucreira unha relación de todos os produtores e as súas entregas en quilos, expresadas en azucre de cota de calidade corrente. A comunidade autónoma, receptora dos datos anteriores, remitiralle á autoridade competente que corresponda a información relativa a datos das solicitudes únicas non presentadas no seu ámbito territorial».

Vinte e nove. Engádeselle un número 4 ao artigo 76, coa seguinte redacción:

«4. Os produtores de remolacha azucreira ou cana de azucre que desexen obter a axuda prevista neste artigo a cargo da campaña de comercialización 2009/2010, deberanlle presentar os contratos formalizados coas industrias azucreiras á autoridade competente da comunidade autónoma, en 2009, como máis tarde o 15 de maio para a sementeira primaveral e o 1 de decembro para a sementeira outonal».

Trinta. O número 3 do artigo 90 queda redactado como segue:

«3. Para os animais que na data do sacrificio teñan unha idade comprendida entre 6 e 8 meses, o establecemento de sacrificio comunicarlle o peso da canal á autoridade competente, na forma que esta determine. Ademais, por petición do produtor, o establecemento de sacrificio expedirá unha certificación do peso en canal para os animais que na data do sacrificio teñan unha idade comprendida entre 6 e 8 meses».

Trinta e un. O número 1 do artigo 92 queda redactado como segue:

«1. A axuda concederáselles aos agricultores que entreguen na ripadora un produto de calidade sa, cabal e comercial, exento de restos de plásticos, que cumpra, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Ter unha porcentaxe máxima de humidade do 12 por cento.
- b) Ter unha porcentaxe máxima de materias estrañas do 5 por cento.

A axuda aboarase por hectárea de algodón en que se alcance un limiar mínimo de produción por hectárea, determinado pola comunidade autónoma correspondente para cada termo municipal, e cuxa produción cumpra os requisitos recollidos no parágrafo anterior».

Trinta e dous. Suprímese a letra d) do artigo 106.

Trinta e tres. Suprímese o número 2 do artigo 113.

Trinta e catro. O número 3 do artigo 113 queda redactado como segue:

«3. A superficie destinada a produtos con destino enerxético non é admisible para se beneficiar dos apoios establecidos no artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), agás no referente aos custos de establecemento de especies de crecemento rápido».

Trinta e cinco. O artigo 117 queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, os pagamentos correspondentes ás axudas recollidas no artigo 1 efectuaranse entre o 1 de decembro e o 30 de xuño do ano natural seguinte. Os pagamentos poderanse efectuar ata en dous prazos.

2. O pagamento da axuda aos produtores de remolacha azucreira establecida no artigo 76 deste real decreto realizarase no período comprendido desde o 1 de decembro ao 15 de outubro do ano natural seguinte.

3. A axuda á pataca para fécula pagarase aos agricultores unha vez entregada a totalidade das cantidades de pataca que corresponden á campaña, dentro dos catro meses seguintes á data en que se presentase a proba de pagamento do prezo mínimo por parte da industria.

4. Os anticipos previstos para os réximes de prima por vaca nutriz, axuda ás sementes, axuda á pataca para fécula e axuda ao tabaco aboaranse nos prazos e condicións establecidos no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, para cada un deles.

5. Para o réxime de prima por sacrificio de xatos, aboarase un anticipo igual ao 40 por cento do importe correspondente aos animais subvencionables.

6. As axudas ao tabaco e os anticipos, se é o caso, poderanse pagar a través das agrupacións de produtores de tabaco, sempre que conste a autorización expresa e escrita de cada un dos seus membros, se respecte o principio de pagamento integral e o reembolso aos seus membros se realice nun prazo de 30 días contados desde a súa recepción pola agrupación.

Os produtores ou as agrupacións de produtores de tabaco, por demanda explícita dos seus membros e por conta e nome deles, poderán solicitar anticipos das axudas, despois do 16 de setembro e ata o 15 de decembro do ano da colleita, polas cantidades de tabaco que poidan entregar, conforme o contrato suscrito, cuxo importe máximo será igual ao 50 por cento das axudas susceptibles de aboamento e estará supeditado á constitución dunha garantía polo dito importe incrementado un 15 por cento. Ás solicitudes deberanlles xuntar a documentación a que se refire o artigo 171 quáter quaterdecies 2 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

Os anticipos serán aboados aos beneficiarios polos organismos pagadores das comunidades autónomas a partir do 16 de outubro do ano da colleita, dentro dos 30 días seguintes á presentación da súa solicitude e de ter presentado a proba da constitución da garantía correspondente».

Trinta e seis. O punto 1 da letra b) do número 1 do artigo 119 queda redactado como segue:

«1.º Respecto aos cultivos enerxéticos:

Antes do 31 de agosto do ano de presentación da solicitude, os rendementos representativos establecidos polas comunidades autónomas segundo se dispón no artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro de 2004.

Antes do 15 de setembro do ano seguinte ao de presentación da solicitude, a información de cultivos enerxéticos a que se refire o artigo 3 punto 1 letra b) bis do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004».

Trinta e sete. O punto 3 da letra b) do número 2 do artigo 119 queda redactado como segue:

«3.º Unha vez efectuada a avaliación prevista no artigo 80.2 deste real decreto, as comunidades autónomas notificarán, antes do 30 de xuño do ano anterior a aquel a que se vaia aplicar a modificación, as zonas que deixasen de cumprir os criterios a que alude o número 2 do artigo 101 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro, así como outras zonas que poidan cumprir estes criterios e aínda non figuren no artigo 80.2. No caso destas posibles novas zonas, presentarán unha xustificación detallada da súa proposta».

Trinta e oito. Suprímese o número 3 do artigo 119.

Trinta e nove. A letra a) do número 1 da disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«a) De acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, poderanse acoller ao réxime de pagamento único os agricultores a que se refire o artigo 33.1.b.iii) que realizasen entregas de uva que posteriormente se utilizase para a elaboración de mosto non destinado á vinificación no período de referencia establecido no punto seguinte».

Corenta. No número 2 da disposición adicional primeira substitúese a referencia do «Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro» pola do «Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Corenta e un. Na letra b) do número 3 da disposición adicional primeira substitúese a referencia ao «Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro» pola do «Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Corenta e dous. A letra a) do número 4 da disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«a) O importe de referencia provisional calcularase para os agricultores a que se refire o número 1 desta disposición adicional primeira, de conformidade co previsto no anexo IX do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Corenta e tres. A letra b) do número 4 da disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«b) Os importes de referencia provisionais e definitivos de todos os agricultores acollidos ao réxime de pagamento único estarán afectados polas limitacións e reducións establecidas no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, e demais disposicións aplicables».

Corenta e catro. Na letra c) do número 4 da disposición adicional primeira substitúese a referencia ao «Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro» pola do «Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Corenta e cinco. Na letra d) do número 4 da disposición adicional primeira substitúese a referencia ao «artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro» pola do «artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Corenta e seis. No primeiro parágrafo do número 9 da disposición adicional primeira substitúese a referencia ao «artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro» pola do «artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Corenta e sete. A letra a) do número 10 da disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«a) Por herdanza real ou anticipada, de acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril. Terán consideración de herdanza anticipada, para estes efectos, as xubilacións da actividade agraria en que o herdeiro inter vivos sexa un familiar de primeiro grao do titular dos dereitos provisionais, así como os programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria».

Corenta e oito. Nas letras b) e c) do número 10 da disposición adicional primeira elimínase a referencia ao «Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro».

Corenta e nove. Suprímese o número 11 da disposición adicional primeira.

Cincuenta. Nas letras a) e b) do número 12 da disposición adicional primeira substitúese a referencia aos artigos 42.4 e 42.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, pola dos artigos 41.4 e 41.2 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Cincuenta e un. Suprímese a disposición adicional segunda.

Cincuenta e dous. Suprímese a letra c) do número 1 do anexo II.

Cincuenta e tres. O primeiro parágrafo do anexo III queda redactado como segue:

«Con carácter xeral, os solicitantes deberán relacionar detalladamente todas e cada unha das parcelas da súa explotación de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, e no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril».

Cincuenta e catro. O segundo parágrafo do número 2 do anexo III queda redactado como segue:

«Documentos que acrediten de xeito fidedigno o inicio de actividade dentro dun programa de desenvolvemento rural nos sectores xa incorporados ao réxime de pagamento único».

Cincuenta e cinco. O título do anexo X substitúese polo seguinte: «Obrigas dos solicitantes e receptores ou primeiros transformadores do réxime de axuda aos cultivos enerxéticos».

Cincuenta e seis. O título da epígrafe I do anexo X substitúese polo seguinte: «Obrigas dos «solicitantes» da axuda aos cultivos enerxéticos».

Cincuenta e sete. O primeiro parágrafo da epígrafe I do anexo X substitúese polo seguinte: «Os solicitantes da axuda aos cultivos enerxéticos, ademais do disposto no artigo 38 deste real decreto, deberán:»

Cincuenta e oito. Suprímese o terceiro parágrafo da epígrafe I, c) do anexo X.

Cincuenta e nove. O título da epígrafe II do anexo X substitúese polo seguinte: «II. Obrigas dos receptores e dos primeiros transformadores autorizados segundo o artigo 38 deste real decreto».

Sesenta. O punto II.3 do anexo X queda redactado como segue:

«3. Os produtos enerxéticos establecidos no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, deben ser obtidos como máximo por un terceiro transformador».

Sesenta e un. No punto III.2 do anexo X, despois de «Os primeiros transformadores deberán», substitúese o primeiro guión polo seguinte:

«Ter a capacidade de produción adecuada para a fabricación dalgún dos produtos enerxéticos mencionados no número 1 do artigo 24».

Sesenta e dous. O punto II.2 do anexo XIV queda redactado como segue:

«2. De se solicitar o pagamento único, deberase indicar que se solicita por todos os dereitos que posúa na campaña en cuestión, ou, en caso de non solicitar o pagamento único por todos os dereitos, deberá achegar unha relación identificativa dos dereitos solicitados. Tamén se terá en conta o artigo 11 en que se establece que cando un ano determinado a utilización dos dereitos non sexa do 100 por cento, para os efectos de utilización destes en anos posteriores, se considerarán en primeiro lugar os dereitos xa utilizados con anterioridade.

Cando os agricultores que solicitasen o cobramento do pagamento único por dereitos especiais en campañas anteriores decidan declarar un ou varios deses dereitos de axuda co número de hectáreas correspondente, deberán indicalo

expresamente na súa solicitude e estes pasarán, desde ese momento, a se considerar dereitos de axuda normais».

Sesenta e tres. O punto III.4 do anexo XIV queda redactado como segue:

«4. A utilización das parcelas nos seguintes casos: pastos permanentes, outras superficies forraxeiras, barbeito e o seu tipo, lúpulo, froitas e hortalizas, cultivos permanentes, pataca para consumo humano, cultivos ou utilizacións, dos réximes de axuda previstos nos títulos I, II e IV deste real decreto e no VI do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, incluído o «non cultivo» no caso de parcelas declaradas exclusivamente para xustificar dereitos normais de pagamento único.

As utilizacións non citadas anteriormente poderanse declarar baixo a epígrafe 'Outras utilizacións' en varias rúbricas diferentes ou nunha soa.

As comunidades autónomas poderán eximir da declaración explícita das parcelas correspondentes as utilizacións indicadas no anexo VI do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, cando dispoñan desa información no marco doutros sistemas de xestión e control compatibles co sistema integrado».

Sesenta e catro. O punto III.5 do anexo XIV queda redactado como segue:

«5. Declararanse por separado o barbeito ambiental e a repoboación forestal conforme o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro».

Sesenta e cinco. Suprímese o punto III. 8 do anexo XIV.

Sesenta e seis. Os catro primeiros parágrafos do punto V.9, letra d), do anexo XIV, substitúense pola redacción seguinte:

«Para animais sacrificados noutro Estado membro:

No caso de animais de idade comprendida entre 6 e 8 meses, certificado expedido polo centro de sacrificio, relativo ao peso en canal dos animais incluídos na solicitude de axuda.

Ademais, copia compulsada do documento de identificación para intercambios dos animais incluídos na solicitude e certificados do seu sacrificio, conforme o artigo 90 deste real decreto».

Sesenta e sete. O número 3 do punto V.9, letra f) do anexo XIV queda redactado como segue:

«3. No caso do pagamento adicional á mellora da calidade do leite cru, deberase achegar a aceptación do cumprimento da Guía de prácticas correctas de hixiene recollida no anexo XX deste real decreto, ou calquera outro sistema que asegure a calidade, sempre que estea aprobado e verificado pola autoridade competente».

Sesenta e oito. Nos anexos XXII, XXIV e XXVII substitúense as referencias ao «Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro» polas do «Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 8 de abril de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA